

Acta núm. 7/2018.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 9 de maio de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 9 de maio de 2018, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta núm. 6/2018 correspondente ao día 19 de abril de 2018.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Solicitud de prórroga de licenza de obra maior.
- 6º.- Licenzas de segregación.
- 7º.- Prezos públicos.
- 8º.- Aprobación do texto definitivo de convenio urbanístico de execución do planeamento.

PRIMEIRO.- ACTA NÚM. 6/2018 CORRESPONDENTE AO DÍA 19 DE ABRIL DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta núm. 6/2018 da xunta anterior do día 19 de abril de 2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NORMA MARIA CAMPOS VIQUEIRA, con domicilio no Sixto (Ribasar) nº 61, Rois, na que comunica que vai realizar obras de reparación dun muro de peche de parcela, colocando en vertical os postes caídos e renovando a rede metálica, en Pérros 2, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro do ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona Leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Non se modificarán as características nin a altura do muro existente.
- As obras serán de mera reparación.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA VICTORIA VARELA RODRIGUEZ, con domicilio en Beca 11, Bastavales, na que comunica que vai realizar obras consistentes na colocación de plaqueta na planta baixa e na substitución dunha ventá tipo velux na cuberta, en Beca 11, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro do ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DORA RODRIGUEZ SERRAMITO, con domicilio na Avda. dos Ánxeles 20, Os Ánxeles, na que comunica que vai construír unha piscina descuberta de 24,50 m2 na Avda. dos Ánxeles 20, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Que estea colocada mínimo a 3 m. dos lindeiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL VILARIÑO VAZQUEZ, con domicilio en Nináns 10, Luaña, na que solicita licenza de obra para colocar un tubo de formigón de 6 metros de largo na cuneta para dar acceso á parcela con ref. catastral 0651809NH2405S0001HF, sita en Nináns, Luaña.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da área de solo de núcleo rural (NRL-2), do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O tubo será de formigón con unha sección mínima de 40 cms.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Abelardo Reinoso Martín, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. San Luis 77, Madrid, na que solicita licenza para obras de mantemento e mellora da liña aérea LAT 66KV Tambre-Negreira, adecuación AP.376N e 377N.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 1.129,04 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ADOLFO MIGUEL PAN AÑÓN, con domicilio na Rúa da Fonte 13, portal 2, 1ºF, Os Ánxeles, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar, en Cirro 26, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Iago Rodríguez Valcárcel e Miguel Carballido Pensado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/04/2018 e documentación complementaria visada o 17/04/2018.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 7732505NH2473S0001OI) atópase en parte (1.447,27 m², onde se aloxará a edificación) dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM, e en parte (994,46 m²) en solo rústico de protección forestal

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Iago Rodríguez Valcárcel e Miguel Carballido Pensado, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 06/04/2018 e documentación complementaria visada o 17/04/2018.

- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- . Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
 - . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
 - . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
 - . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
 - . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
 - . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
 - . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
 - . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
 - Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).
- Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 75,09 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 30 de abril de 2018.
- Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por TANIA RODRIGUEZ TUBIO con domicilio na Rúa do Bosque 36, Bertamiráns, Ames, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar, en Babenzo 58, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan S. Lareo Sánchez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/11/2017 e documentación complementaria visada o 14/02/2018, o 05/04/2018 e o 03/05/2018.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 8222222NH2482S0000ZJ), atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan S. Lareo Sánchez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/11/2017 e documentación complementaria visada o 14/02/2018, o 05/04/2018 e o 03/05/2018.
- . Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- . Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou

entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 34 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 8 de maio de 2018.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA JOSE MANCEBO SEOANE, con domicilio en Urbanización Hortensia 13, Os Ánxeles, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Bastavaliños 42, Bastavales.

Con data 25/08/2015 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a María José Mancebo Seoane para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder unha prórroga de tres anos contados desde o día de hoxe para o remate das obras, coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por GERMAN MARIÑO GOLAN, con domicilio en Travesía da Peregrina 9, P1, 2ºD, Bertamiráns, Ames, na que solicita licenza de segregación segundo proxecto redactado polo arquitecto Óscar Real Villapalos, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/04/2018.

Descrición da parcela matriz:

Referencia catastral: resto de la finca matriz con nº 6470106NH2476S0001TD, segregada ante notario con fecha 07.11.2011 e que conta con licenza municipal de data 05.04.2011.

Superficie segundo medición recente: 1.032,44 m²

Superficie segundo escritura: 998,00 m²

Clasificación urbanística: solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a Ordenanza nº2 (UC-2).

Lindes:

Norte: pista que conduce de Pedrouzos a Brans de Abaixo e O Enxo.

Sur: Ramón Mato Vázquez.

Leste: parcela segregada de Serafina Calvo Camiño e Francisco Álvarez Liñares.
Oeste: pista de enlace da de Brans de Abaixo a O Enxo coa que pasa por Lamiño a Castrigo.

Segregación pretendida:

Finca 1:

Superficie: 516,00 m².

Clasificación urbanística: solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a Ordenanza nº2 (UC-2).

Superficie de cesión dos terreos situados fora da aliñación establecida polo planeamento: 0,00 m². A parcela segundo levantamento topográfico, situase dentro da aliñación oficial.

Lindes:

Norte: finca de Germán Mariño Golán e Teresa Raña Caamaño.

Sur: Ramón Mato Vázquez.

Leste: parcela segregada de Serafina Calvo Camiño e Francisco Álvarez Liñares.

Oeste: pista de enlace da de Brans de Abaixo a O Enxo coa que pasa por Lamiño a Castrigo.

Finca 2:

Superficie: 516,44 m².

Clasificación urbanística: solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a Ordenanza nº2 (UC-2).

Superficie de cesión dos terreos situados fora da aliñación establecida polo planeamento: 17,61m².

Lindes:

Norte: pista que conduce de Pedrouzos a Brans de Abaixo e O Enxo.

Sur: finca 1 procedente desta segregación.

Leste: parcela segregada de Serafina Calvo Camiño e Francisco Álvarez Liñares.

Oeste: pista de enlace da de Brans de Abaixo a O Enxo coa que pasa por Lamiño a Castrigo.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo da seguinte superficie:17,61 m², destinado a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por LEOPOLDO AGAPITO BOUZAS GOMEZ, con domicilio en Tourís 1, Luaña, na que solicita licenza de segregación e posterior agregación segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas A Coruña-Pontevedra, o 19/12/2017, visado núm. CO-20170823 e documentación complementaria de subsanación do proxecto presentada o 23/04/2018 (r.e.1596).

Descrición da parcela matriz:

Parcela nº 592 do plano de concentración parcelaria da Luaña e Cornanda.

Referencia catastral nº: 0144505NH2404S0000PL.

Superficie segundo medición recente: 4.402 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación dúas ordenanzas:

- 589 m² atópanse dentro da área consolidada pola edificación zona oeste (NRO-1), que esta ocupada por unha edificación, e

- 3.813 m² atópanse dentro da área non consolidada pola edificación zona oeste (NRO-2), que esta valeira.

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo nacional de concentración parcelaria e ordenación rural, e camiño existente, cauce de rego en medio.

Sur: camiño construído polo servizo nacional de concentración parcelaria e ordenación rural, e cauce de rego que lle separa da zona excluída e en parte, parcela segregada.

Leste: zona urbana de Tourís e en parte, parcela segregada.

Oeste: Antonio Bouzas Carnota (593-I) e, en parte, parcela segregada.

Segregación pretendida:

Parcela segregada A:

Superficie: 627 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRO-2).

Resto da finca matriz:

Superficie bruta: 3.775m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (589 m² en NRO-1 e 3.186 m² en NRO-2).

Superficie de cesión: 51m² (a 4m do eixo do vial).

Superficie neta: 3.724m²

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo nacional de concentración parcelaria e ordenación rural, e camiño existente, cauce de rego en medio.

Sur: camiño construído polo servizo nacional de concentración parcelaria e ordenación rural, e cauce de rego que lle separa da zona excluída e en parte, parcela segregada.

Leste: zona urbana de Tourís e en parte, parcela segregada

Oeste: Antonio Bouzas Carnota (593-I) e, en parte, parcela segregada.

Agrupación pretendida:

Parcela resultante: (Parcela segregada A + Parcela segregada con outra licenza anterior da nº 592, con ref.catastral: 0144506NH2404S0000LL)

Superficie bruta: 2.127 m² (627 m² + 1.500 m²).

Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño): 11m².

Superficie neta: 2.116m².

Lindes:

Norte: resto da finca matriz procedente desta segregación.

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e ordenación rural e cauce de rego que o separa da zona excluída.

Leste: resto da finca matriz procedente desta segregación.

Oeste: resto da finca matriz procedente desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo das seguintes superficies: 51 m² e 11 m², destinado a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA REGUEIRO GRELA, con domicilio en Gundín 21, Os Ánxeles, na que solicita licenza de segregación da parcela de concentración parcelaria núm. 86, do polígono 505, de Santa María dos Ánxeles, segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica forestal Cristina Vences López e presentado no concello o 27/04/2018 (r.e.1670).

Descrición da parcela matriz:

Referencia catastral: nº: 15013B505000860000MS e nº 5342502NH2454S0001MJ.

Superficie segundo medición recente: 2.864m².

Clasificación urbanística: Ten dúas:

Referencia catastral nº 5342502NH2454S0001MJ solo de núcleo rural (NRL-1).

Referencia catastral nº: 15013B505000860000MS, 41m² en solo de núcleo rural (NRL-1) e o resto da superficie en solo rústico.

Lindes:

Norte: Regina Pazos Miranda (87).

Sur: Lourdes Vázquez Casal (85).

Leste: camiño existente.

Oeste: camiño construído por concentración parcelaria.

Sobre esta parcela aséntase unha vivenda de planta baixa e alta que ocupa unha superficie de 97 m² e un apendre de 160 m².

Segregación pretendida:

Segregación na parcela A:

Superficie: 360m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-1).

Polo sur a parcela linda tamén con vial de comunicación entre núcleos, neste caso non existe cesión porque o límite da parcela está situado a máis de 4,00 m do eixo (4,02 m).

Polo oeste a parcela linda con camiño construído por concentración parcelaria, polo que se establece unha superficie de cesión de 5 m², a 4 m do eixe do camiño.

Lindes:

Norte: Regina Pazos Miranda (87)

Sur: Lourdes Vázquez Casal (85)

Leste: parcela B procedente desta segregación.

Oeste: camiño asfaltado construído por concentración parcelaria.

Segregación na parcela B:

Superficie: 2.504m².

Clasificación urbanística: 1.005 m² en solo de núcleo rural (NRL-1) e 1.499 m² en solo rústico.

Lindes:

Norte: Regina Pazos Miranda (87)

Sur: Lourdes Vázquez Casal (85)

Leste: camiño existente

Oeste: parcela A procedente desta segregación.

Sobre esta parcela aséntase unha vivenda de planta baixa e alta que ocupa unha superficie de 97 m², e un alpendre de 160 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo da seguinte superficie: 5 m², destinado a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SETIMO .- PREZOS PÚBLICOS

7.1. Prezo público pola asistencia aos obradoiros de iniciación á robótica para rapaces.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 19/04/2018 de prezo público para a asistencia aos obradoiros de iniciación á robótica para rapaces.

Vistos o informe técnico do 19/04/2018 e o informe de intervención do 19/04/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia aos obradoiros de iniciación á robótica para rapaces, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....0,00 €.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.2. Prezo público pola asistencia ao curso de monitor de actividades de tempo libre do ano 2018.

Deuse conta dunha proposta da Alcaldía do 19/04/2018 de prezo público para a asistencia ao curso de monitor de tempo libre do ano 2018.

Vistos o informe técnico do 19/04/2018 e o informe de intervención do 19/04/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de monitor de actividades de tempo libre do ano 2018, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....150,00 €.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.3. Prezo público pola asistencia ao campamento infantil.

Deuse conta dunha proposta da Alcaldía do 19/04/2018 de prezo público pola a asistencia ao campamento infantil.

Vistos o informe técnico do 19/04/2018 e o informe de intervención do 19/04/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade de campamento infantil, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público primeira/o irmá/n.....150,00 €.
- Prezo público segunda/o irmá/n.....75,00 €.
- Prezo público terceira/o irmá/n e seguintes.....0,00 €.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.4. Prezo público pola asistencia á actividade de campamento xuvenil.

Deuse conta dunha proposta da Alcaldía do 19/04/2018 de prezo público para a asistencia á actividade de campamento xuvenil.

Vistos o informe técnico do 19/04/2018 e o informe de intervención do 19/04/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade de campamento xuvenil, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público primeira/o irmá/n..... 75,00 €.
- Prezo público segunda/o irmá/n..... 38,00 €.
- Prezo público terceira/o irmá/n e seguintes.....0,00 €.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.5. Prezo público pola asistencia á actividade de tardes na carballeira.

Deuse conta dunha proposta da Alcaldía do 19/04/2018 de prezo público para a asistencia á actividade de tardes na carballeira.

Vistos o informe técnico do 19/04/2018 e o informe de intervención do 19/04/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia á actividade tardes na carballeira, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público primeira/o irmá/n.....20,00 €/semana
- Prezo público segunda/o irmá/n.....10,00 €/semana
- Prezo público terceira/o irmá/n e seguintes.....0,00 €.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.6. Prezo público pola asistencia aos obradoiros de verán.

Deuse conta dunha proposta da Alcaldía do 19/04/2018 de prezo público para a asistencia aos obradoiros de verán.

Vistos o informe técnico do 19/04/2018 e o informe de intervención do 19/04/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia aos obradoiros de verán, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público primeira/o irmá/n.....25,00 €/semana
- Prezo público segunda/o irmá/n.....13,00 €/semana

- Prezo público terceira/o irmá/n e seguintes.....0,00 €.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

OITAVO.- APROBACIÓN DO TEXTO DEFINITIVO DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO.

Dada conta do expediente tramitado entre o Concello de Brión e Mahia Inmobiliaria S.L. para a celebración do convenio urbanístico de execución de planeamento para o establecemento das condicións nas que se vai levar a cabo o transvasamento de edificabilidade desde a Parcela "EQ SC-1" á parcela "EQ Y S" dentro do Plan Parcial de Monte Balado e as contraprestacións que o Concello recibirá a cambio.

Resultando que con data 1 de marzo de 2018 subscribiuse, tras a oportuna negociación, entre o Alcalde do Concello de Brión e Mahia Inmobiliaria S.L. o texto inicial do convenio urbanístico de execución de planeamento sinalado.

Resultando que o expediente foi sometido ao trámite de información pública mediante anuncios publicados no taboleiro de edictos do Concello, no xornal El Correo Gallego do 9 de marzo de 2018, e no Diario Oficial de Galicia núm. 65, do 4 de abril de 2018, durante o prazo dun mes, contado desde a publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 168 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, non téndose presentado ningunha alegación segundo certificación de secretaría.

Pola alcaldía se sinala que se trata de aprobar o texto definitivo do convenio asinado con data 1 de marzo de 2018, que é o mesmo que o texto inicial, ao non se ter presentado ningunha alegación.

Visto o informe favorable conxunto da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello de data 09.05.2018, e o informe xurídico preceptivo de secretaría do 09.05.2018, a Xunta de Goberno Local, como órgano competente do Concello, por delegación da alcaldía do 10.07.2015, publicada no BOP do 27.07.2015, por unanimidade dos cinco membros presentes, acorda:

1º) Aprobar o texto definitivo do convenio que ten o seguinte contido:

CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO.

Na Casa do Concello de Brión, a 1 de marzo de 2018.

COMPARECEN:

Dunha parte **DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA**, Alcalde do Concello de Brión.

De outra parte DOÑA PILAR ENCARNACIÓN BRANCO ILLODO, maior de idade, veciña de Santiago de Compostela, Parque Empresarial Costa Vella, Rúa do Amio nº 114; e nº D.N.I. 33.283.639-V.

INTERVEÑEN:

O primeiro, en nome e representación do CONCELLO DE BRIÓN.

A segunda, en nome e representación da sociedade denominada "MAHIA INMOBILIARIA, SOCIEDADE LIMITADA", constituída inicialmente coa denominación de "MAHIA AMES, SOCIEDADE LIMITADA", con C.I.F. B-15525983 e domiciliada en Santiago de Compostela, Parque Empresarial Costa Vella, rúa de Amio 114; constituída por tempo indefinido en escritura outorgada o 31 de Agosto de 1995, ante o Notario de Santiago, Don Domingo Enrique Gutiérrez Aller, número 1188 de protocolo; inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, ao tomo 1690 do Arquivo, Sección Xeral, folio 64, folla n C-14.723. En escritura autorizada polo Notario de Negreira, don Manuel - María Romeu Neira, o 9 de Marzo de 2001, número 300 de protocolo, a entidade Mahia Inmobiliaria, Sociedade Limitada, cedeu globalmente o seu activo e pasivo á sociedade Mahia Ames, Sociedade limitada e disolveuse, adoptando "Mahia Ames, Sociedade Limitada" a denominación de "MAHIA INMOBILIARIA, SOCIEDADE LIMITADA"; e cambiado o seu domicilio polo actual, en escritura outorgada o 18 de setembro de 2007, ante o Notario de Santiago Don Carlos da Torre Deza, número de protocolo 2.819, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago ao tomo 1.690, folio 64, folla SC-14.723. Atópase facultada para este acto en virtude do seu cargo de ADMINISTRADORA UNICA, para o que foi nomeada en reunión de Xunta Xeral Extraordinaria da sociedade de data 23 de marzo de 2012, elevada a público en escritura autorizada polo Notario de Ames don Manuel María Romeu Neira o 19 de abril de 2012 ao nº 352 de protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago ao tomo 101, folla SC-14.723, inscrición 58.

EXPOÑEN:

Primeiro.- Que na sesión plenaria de data 21 de xuño de 2017 (DOG 11.08.17) foi aprobada unha modificación puntual do Plan Parcial do Sector Monte Balado, que permite o transvasamento de edificabilidade entre as distintas parcelas da Ordenanza B, definida no propio Plan Parcial.

Segundo.- Que a entidade Mahia Inmobiliaria SL é titular de locais no edificio denominado "Centro Comercial", dentro do Plan Parcial de Monte Balado, correspondente a espazos de equipamento de interese público e social, de titularidade privada.

Terceiro.- Que se ben a volumetría do Centro Comercial se axusta ás previsións que resultan da aplicación da Ordenanza, na súa construción xeráronse espazos que non poden seren utilizados por excederse da edificabilidade máxima asignada a dita parcela no Plan Parcial, situación que se pode salvar mediante a reasignación da edificabilidade de outras parcelas cualificadas baixo a mesma Ordenanza B, tal e como se prevé na modificación puntual do Plan Parcial.

Cuarto.- Que os artigos 165 e ss da vixente Lei 2/2016 do Solo de Galicia, e artigos 398 e ss do seu Regulamento, aprobado por Decreto 143/2016, autorizan a celebración de convenios urbanísticos de xestión que, segundo o artigo 167 da mesma lei, son aqueles que non afectan á ordenación urbanística e limítanse á determinación dos termos e condicións da xestión e a execución do planeamento.

Quinto.- Que a entidade Mahia Inmobiliaria SL ten interese en implantar unha Residencia da Terceira Idade e un Centro de Día nos locais da parcela "EQ Y S".

Sexto.- Que o Concello de Brión está interesado, en que dentro do termo municipal, se implanten ditas actividades, podendo dispoñer de prazas en condicións vantaxosas para as persoas maiores residentes no municipio, así como en dispor gratuitamente de locais para o desenvolvemento de actividades que redunden na busca de oportunidades económicas e de emprego para persoas mozas/os ou que están a iniciar ou reiniciar a súa vida laboral.

E por iso, de conformidade co previsto nos artigos 165 e ss da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, e 398 e ss do seu Regulamento, ámbalas dúas partes consenten en subscribir o presente CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO, con arranxo ás seguintes CLÁUSULAS:

Primeira.- Natureza do convenio.

O presente convenio ten a natureza xurídica de convenio urbanístico para a execución do planeamento, consonte o previsto no artigo 167 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e 400.1 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o seu Regulamento.

Segunda.- Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto o establecemento das condicións nas que se vai levar a cabo o transvasamento de edificabilidade dende a Parcela "EQ SC-1" á parcela "EQ Y S", e as contraprestacións que o Concello recibirá a cambio.

Terceira.- Obrigas do Concello.

O Concello de Brión comprométese a:

i.- O Concello de Brión permitirá o transvasamento de edificabilidade de 1.300 m², da Parcela EQ SC-1 á parcela EQ Y S do Plan Parcial de Monte Balado, que se utilizará por parte da entidade Mahia Inmobiliaria SL para a implantación dunha Residencia de Persoas Miores e un Centro de Día durante un prazo de cincuenta anos.

ii.- O Concello de Brión comprométese a tramitar os correspondentes títulos habilitantes (a correspondente licenza de obras e a comunicación previa da actividade) que permitan a implantación de ditos usos, no prazo máis breve posible, unha vez a entidade mercantil comparecente formule a correspondente solicitude acompañada do proxecto técnico e demais documentación interesada.

iii.- Colaborar na localización e formación do persoal residente no termo municipal de Brión que a empresa contrate para prestar os seus servizos no Centro de Día e Residencia de Persoas Maiores.

iv.- Permitir a participación das persoas maiores usuarias da Residencia e o Centro de Día nos programas de actividades de lecer, culturais e deportivas deseñadas polos Servizos Sociais do Concello para as persoas maiores do municipio.

Cuarta.- Obrigas correspondentes a Mahia Inmobiliaria SL.

A entidade Mahia Inmobiliaria SL obrígase a:

i.- Poñer ao dispor do Concello un mínimo de dúas prazas na Residencia e cinco no Centro de Día, destinado a persoas maiores do municipio, a sinalar polos Servizos Sociais do Concello, cun 30% de desconto sobre o prezo establecido con carácter xeral.

ii.- Aplicar un 15% de desconto sobre o prezo xeral ós veciños do Concello de Brión nos servizos a prestar polo Centro de Día.

iii.- Contratar alomenos o 50% dos traballadores e traballadoras da Residencia e Centro de día entre persoas residentes no termo municipal de Brión.

iiii.- Ceder gratuitamente ao Concello durante un prazo de cincuenta anos o uso dun local de 200 m2 dentro do edificio do Centro Comercial, para ser destinado a actividades de interese público e social promovidas polo Concello. Os gastos correspondentes a este local polos conceptos de comunidade, IBI e demais asimilables á explotación do mesmo serán asumidas polo Concello de Brión durante o prazo de cesión.

Quinta.- Tramitación e sinatura do convenio.

Unha vez negociado e subscrito, o presente convenio hase someter ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no «Diario Oficial de Galicia» e nun dos periódicos de maior difusión na provincia, por un período mínimo dun mes, e unha vez rematada a mesma, o Concello elaborará, á vista das alegacións, unha proposta de texto definitivo do convenio, do cal se dará vista ás entidades comparecentes, para a súa aceptación, reparo ou, no seu caso, renuncia. O texto definitivo do convenio haberá de ser ratificado polo órgano competente, debéndose asinar dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo polas entidades interesadas, quedando sen efecto caso de que transcurriese dito prazo sen que o convenio fose asinado.

Sexta.- Interpretación e execución do convenio.

Correspóndenlle en exclusiva ao Concello de Brión as facultades de interpretación do convenio, de resolución das dúbidas que podan derivarse dos seus termos, e de ordenar as actuacións que sexan precisas para o seu cumprimento, cabendo contra os seus actos os correspondentes recursos en vía administrativa e contencioso - administrativa.

Sétima.- Condicionamentos do convenio.

O cumprimento das cláusulas establecidas no presente convenio quedan condicionadas á achega de informe positivo dos correspondentes servizos técnicos da Xunta de Galicia á implantación da Residencia da Terceira Idade e Centro de Día nos locais da parcela "EQ Y S".

Así mesmo, para vixencia das cláusulas do presente convenio deberá aportarse por parte de Mahia Inmobiliaria S.L. a documentación gráfica tanto do local a ceder por esta empresa ó Concello de Brión, como dos locais a destinar a Residencia da Terceira Idade e Centro de Día, así como da proposta de configuración de estes equipamentos.

E en proba de conformidade asinan os comparecentes o presente convenio no lugar e data expresados no encabezamento.

2º) Notificar este acordo a Mahia Inmobiliaria S.L. para a sinatura do convenio dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo; transcorrido este prazo sen que o convenio sexa asinado, quedará sen efecto. A formalización deberá realizarse en documento administrativo, sen prexuízo do dereito de calquera das partes a solicitar a súa elevación a escritura pública. O convenio urbanístico perfeccionarase desde a súa sinatura.

3º) Publicar o texto íntegro do convenio, xunto co seu acordo de aprobación, no Diario Oficial de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 403 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo d

FORA DA ORDE DO DÍA:

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade acordouse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

1º) SOLICITUDE DE PERMISOS E NECESIDADES PARA A RODAXE DA PELÍCULA: ELISA E MARCELA, EN BRIÓN.

Vista a solicitude de data 07.05.2018 (r.e. 1781), presentada por Rubén Souto Santos, que di actuar en representación de Zenit Televisión SA, de permisos e necesidades para a rodaxe da película: Elisa e Marcela, nas parroquias de Bastavales e Luaña, do Concello de Brión.

Pola alcaldía expónse que chegouse a un acordo coa produtora co fin de facerlle máis doado o traballo, debido á gran cantidade de cousas que solicitan.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda autorizar a rodaxe nos termos acordados co solicitante por parte da alcaldía.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González